



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e nove de novembro de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez e Don Javier Iglesias Sendín.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 21 de novembro de dous mil once.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

Solicitude de información urbanística interesada por **DON JOSÉ LUIS ESTÉVEZ CORUJO**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Eduardo Chao Fernández nº 4, en Ribadavia, con número de rexistro de entrada 4651. A proposta da Concelleira de Urbanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 21.11.2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Rúa Transversal Muñoz Calero, en Ribadavia, (Ref. Catastral 1032302NG7803S0001ZX), a solicitude de **DON JOSÉ LUIS ESTÉVEZ CORUJO**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMESTICO.-

1.-Visto o escrito presentado por **Don Benito Fidalgo Durán**, con domicilio na Ctra. De Francelos nº 20, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Ribeiro nº 3, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 21.11.2011 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Consellería do Medio Rural, Departamento Terrotorial con data RE 22 de novembro de 2011 Nº RE 5550, relativo a entrega da obra “Afirmado de camiños en Francelos (Ribadavia-Ourense)”; X-10.189.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes dar traslado do presente acordo a policía local a os efectos de que procedan a comprobar que a obra foi correctamente rematada.

2. Comunicación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Augas de Galicia con data RE 24 de novembro de 2011 Nº RE 5596, relativo a Regulamentos de desenvolvemento da Lei 9/2010 de augas de Galicia.
3. Comunicación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Dirección Xeral de Infraestructuras con data RE 15 de novembro de 2011 Nº RE 5400, relativo a Acta de entrega das obras de Abastecemento, Saneamento e Beirarrúas e Seguridade Vial na Estrada OU-504, as rúas Ribeiro-Carballiño en Ribadavia.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes, vista a clausula terceira en canto as obrigas das partes, na que se establece a obriga do concello de explotación, e conservación das obras **unha vez realizadas**, e o parte da policía local de data nº 521/2011, no que se constata a incorrecta realización das obras, acorda:

- a) **Non formalizar o cambio de titularidade da estrada OU-504 no tramo comprendido entre o PK 0000 ATA O pk 1-700 da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras**, en tanto non se proceda



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ao arranxo das deficiencias recollidas no informe da policía local antedito, do que se lle dará traslado co presente acordo.

- b) Solicitar informe a oficina técnica municipal aos efectos de constatar as deficiencias observadas no informe da policía local, dende un punto de vista técnico, o cal unha vez emitido será comunicado aso efectos de que se proceda ao seu arranxo.
- c) **Manifestar un absoluto rechazo ante a aptitude da Consellería** que pretende que se proceda a recepción dunhas obras cúa **execución é absolutamente deficiente, cunha carencia total de responsabilidade respecto do exercicio das súas funcións.**

- 4. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense con data RE 24 de novembro de 2011 N° RE 5591, relativo a estimar parcialmente o requerimento formulado para anulación da Resolución da Presidencia do 24 de xuño de 2011 e desestimar o resto de alegacións do requerimento.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes:

- 1. Recurrir o citado acordo en vía contencios administrativa.
 - 2. Nomear como letrado a Don Angel Pazos Huete e como procuradora a Dona Begoña Pérez Vázquez.
 - 3. Facultar a Alcaldía para a realización de todos os trámites necesarios.
- 5. Comunicación do letrado do concello, via correo electrónico, en relación co procedemento 8/2011 da entidade Coruñesa de Ahorro Energético.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes comunicar ao letrado do concello a súa disponibilidad para chegar a un acordo, para o cal se establecerá día para proceder a comprobación dos aparatos que funcionan e en base a elo facer os pagos correspondentes.

- 6. Comunicación do letrado do concello, via correo electrónico, en relación co procedemento seguido coa entidade Gestima

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

- 7. Comunicación do letrado do concello, via correo electrónico, en relación co procedemento 150/2010-c seguido con Dona Eva María Martínez Paz

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes comunicar ao letrado do concello que actualmente as actuacións están pendentes de informe técnico que determine como se van a realizar as obras.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE OPERARIOS DE VIAS E OBRAS.-

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 25 de setembro de 2011 relativa a aprobación dunhas bases para selección de persoal para cubrir a tempo parcial dúas prazas de operarios de vías e obras.

No expediente constan os seguintes elementos:

1º.- Bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 25.11.2011.

2º.- Informe xurídico de data 25.11.2011.

3º.-Informe de intervención de data 28.11.2011.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e das Bases de selección de persoal laboral temporal a tempo parcial para cubrir dúas prazas de operarios de vías e obras.

CONVENIOS DE COLABORACIÓN.-

Dase conta polo secretario dos seguintes convenios de colaboración:

1. Convenio de colaboración entre o concello e o clube Tenis Miño, para a utilización das instalacións deportivas municipais.
2. Convenio de colaboración entre o concello e o clube Marusia, para a utilización das instalacións deportivas municipais.

A Xunta de Goberno Local acorda toma conocimiento facultando ao Sr. Alcalde para a súa sinatura.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº6/11.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº6 /11, por importe de 30.800 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal.

RECTIFICACIO DE ERRO MATERIAL.-

Habéndose producido un erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 14.11.2011, a Xunta de Goberno Local, acorda correxi-lo quedando o acordo do seguinte xeito:



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

A Xunta de Goberno Local, aproba-la memoria denominada "Grupo de Apoio Oficina de Turismo" ó obxecto de solicita-la correspondente subvención o abeiro da Orde do 30 de decembro de 2010, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases que regulan para o ano 2011, as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos Programas de Cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais.

Consta informe xurídico de data 25 de novembro de 2011.

CERTIFICACIÓN Nº1 DA OBRA DENOMINADA MELLORA DA IMAXEN COMERCIAL DA RUA PROGRESO.-

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 1 da obra denominada “Mellora na imaxe comercial da rua Progreso”, redactada polo técnico director da obra Dona Mercedes Alvarez López, executado pola empresa Milcons S.L. por un importe total de 19.444,19 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 1, anteriormente indicada por importe de 19.444,19 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións da Consellería Industria e Economía e do Concello.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Milcons S.L., co nº 11035 , de data 30.11.11, pola mesma cantidade.”

3º.- Que se remita o correspondente expediente a Consellería Industria e Economía.”

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primero.- Aprobación das facturas presentadas e que seguido relacionanse:

NORTEC CONSULTORES DE DIRECCION Y ORGANIZACIÓN S.L., servicios de asistencia técnica na redacción subvención, por importe de 14.160 euros.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

TOMA COÑECEMENTO PASE A PENSIONISTA E INCAPACIDADE ABSOLUTA DE TRABALLADORES MUNICIPAIS.-

1º.- A Xunta de Goberno Local, toma coñecemento do pase a situación de Pensionista de Dona Teresa Gómez Suarez, con D.N.I. núm. 34.542.942-R, persoal laboral deste Concello, con data de efectos 21 de novembro de 2011.

2º.- A Xunta de Goberno Local, toma coñecemento, da Resolución da Dirección Provincial de Ourense de data 17.11.2011, no que declara o persoal laboral deste Concello, Don Eduardo Lorenzo Dabarca, con D.N.I. núm. 34.908.525-E, en situación de incapacidade permanente no grao de Absoluta para todo o traballo.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.